

VOLEIBOL: ASCENSO A LIGA FEV; OBXECTIVOS CUMPLIDOS

Jorge Barrero, primeiro adestrador é o máximo artífice dos éxitos deportivos do equipo feminino. Fixo chegar ao máis alto ao que pode aspirar un equipo amateur dun instituto.

As alumnas de 2ª ESO Tamara Pérez e Marta Fraga fanlle unha entrevista:

Cando empezaches a xogar ao voleibol? Comecei cando tiña 14 anos, en cadete de primeiro ano.

Por que elixiches o voleibol e non outro deporte? Antes xogara ao fútbol, e fixera taekwondo e baloncesto. Ao chegar a Zalaeta entrei no equipo de fútbol pero non era moi bo e probei o voleibol. Onde quedeime por dous motivos: primeiro porque pareceume un deporte difícil e iso atraíame, e segundo porque o facía bastante ben. Cando Zalaeta, por non ter pista cuberta pasou ao Calvo Sotelo, eu xa era cadete e alí comecei en serio.

Ata que niveis chegaches como xogador? Cheguei ata a Súper Liga 2, unha por debaixo do que propuxérame chegar

Cando empezaches a xogar a voleibol, ata onde pensabas que ias chegar? Cando comecei non me suscitaba chegar a ningún nivel concreto. Facelo ben na miña categoría, en Cadete o meu obxectivo era chegar a División de Honor; o que agora é a Súper Liga.

Que é o que máis che impulsa para continuar no voleibol, agora como adestrador? Pois simplemente que me gusta.

Ata cando queres continuar no mundo do voleibol? Non penso acabar polo de agora, quero continuar uns cantos anos máis.

Estás a gusto en Zalaeta? Si, estou bastante contento, aínda que gustaríame que as pequenas adestraran máis, xa que ao comezar a xogar en infantís temos desvantaxe cos outros clubs. Polo menos comparando cos de Galicia, e por iso precisamos máis horas de adestramento.

En que outros Clubs estiveches? Xogando e adestrando no Calvo Sotelo que foi onde empecei, despois como adestrador tamén estiven moitos anos en Calasancias, e no Milenium.

Como viches o nivel na fase de ascenso feminina? Era o nivel que eu, polo menos, esperaba. Normal para estas categorías. Poñémoslle nivel medio.

Que opinas ao respecto do accidente de tráfico que sufriu o equipo Emevé de Lugo? Pareceche ben que os adestradores impulsen as demais xogadoras a continuar no voleibol? Foi unha traxedia, e ao ir no bus detrás do delas quedamos afectados. Ademais eu persoalmente as coñecía dende pequenas. A verdade é que paréceme moi ben que os adestradores comezaran os adestramentos aos dos días, posto que para as xogadoras é unha forma de loitar polas compañeiras que morreron.

Como viches o nivel das categorías da Comunidade galega no Campionato de España? Con respecto a categoría feminina infantil diría que correcto, máis poderían quedar moito mellor. As cadetes baixo, pera era de esperar. En xuvenís medio alto e na categoría masculina bastante baixo. Insisto en que queda moito que adestrar , e que deberíase adestrar máis horas.

Ata onde cres que pode chegar o equipo de 1ª División Feminina? Pois eu creo que ata onde chegamos agora e poder manernos aquí, principalmente por falla de cartos.

Queremos felicitar novamente a s chicas, a Jorge, e a David o segundo adestrador, polo xogo amosado na fase de ascenso. Foron uns partidos tan intensos , que fixéronnos gozar co voleibol no instituto. O seu traballo é un exemplo para onde as categorías inferiores teñen que mirar como modelo a seguir.


CONSEGUIRON O ASCENSO A LIGA FEV !



Jorge, 1.- Verónica, 12.- Tania, 3.- Ana, 11.- Irene, 7.- Laura, 6.- Ana Bello, David
5.- Marta, 10.- Sheyla, 18.- Eli, 9.- Sabela, 16.- Andrea

Nesta páxina podedes ver un amplo reportaxe fotográfico dos partidos xogados polo Zalaeta no instituto na fase de ascenso:

<http://voleibolclubdeportivoconxo.blogspot.com/>



El Zalaeta ganó el primer partido al Alcorcón (3-2). | KOPA

VOLEIBOL

El Zalaeta se asegura el ascenso a la Liga FEV y luchará al quedar primero en la fase de sector

La Voz

ACORUÑA | El voleibol femenino coruñés está de enhorabuena. La próxima temporada la Liga FEV contará con dos equipos de la ciudad, ya que al Marinada se le ha unido ayer el Zalaeta. El conjunto colegial se aseguró una de las cuatro plazas de ascenso tras ganar sus dos primeros encuentros de la fase de ascenso.

En el primero, las coruñesas superaron al Alcorcón (3-2)

en un trepidante encuentro con alternativas en el marcador en el que las jugadoras de Jorge Barrero supieron sacar mayor partido a sus oportunidades.

En el segundo, el Zalaeta se impuso al Sabadell (3-1) en un partido muy completo por parte de las coruñesas.

Así las cosas, esta tarde (18.30 horas) se jugarán la primera plaza de grupo con el Almería en el pabellón de Zalaeta.